



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Anuncio publicación aprobación inicial da modificación puntual da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña

Servizo de Recursos Humanos

ANUNCIO

En sesión celebrada o día 22 de outubro de 2025, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación puntual da RPT do Concello da Coruña nos termos que figuran anexados a este acordo coa fin de fixar os requisitos específicos de determinados postos de traballo para a súa convocatoria no concurso ordinario 1/2025 (PROV2025067).

Segundo.- Someter a devandita modificación da RPT a información pública, coa publicación dun anuncio desta modificación no BOP da Coruña, durante un prazo de 20 días hábiles nos que as persoas interesadas poderán presentar reclamacións, suxestións ou alegacións. Este prazo iniciárase ao día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP

Transcorrido o prazo de información pública, a aprobación elevarase a definitiva se non se presentaron reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a RPT deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

TERCEIRO: Publicar, transcorrido o prazo de información pública, o contido íntegro da modificación puntual da RPT, unha vez aprobada.

A devandita documentación estará a disposición das persoas interesadas no:

1. Xestor de contidos SPO – ALFRESCO
2. Portal de Transparencia do Concello da Coruña: [Relación de Postos de Traballo e Cadro de persoal \(coruna.gal\)](https://relacion-de-postos-de-traballo-e-cadro-de-persoal.coruna.gal)
3. Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gal>

Prazo de exposición pública para o exame e para a presentación de reclamacións: vinte días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 22 de outubro de 2024

O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local

José Manuel Lage Tuñas

2025/6931